



# CARGA DE DIGNIDADE 2 DE XUÑO 2013

Trae a túa peza de roupa para pendurar na reixa de Navantia e participa nesta acción artística popular

**Unha acción de Radio Buguina organizada por:** Comités de Empresa de Navantia e delegados/as da Industria Auxiliar. **Sindicatos:** Comisiones Obreiras (CC.OO), Confederación Intersindical Galega (CIG), Unión Sindical de Traballadores de Galicia (USTG), Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UXT-UGT). **Partidos políticos:** ANOVA, Bloque Nacionalista Galego (BNG), Compromiso por Galicia (CxG), eQuo, Espazo Ecosocialista Galego (EcoSoGal), Esquerda Unida (EU-IU), Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE). **Colectivos sindicais e movementos políticos:** Asociación Unificada de Militares Españóis (AUME), Mocidade Nacionalista Galega (MNG), Sindicato de Estudiantes, Sindicato de Traballadores do Ensino de Galiza (STEG). **Asociacións e colectivos:** A. C. Fuco Buxán, A. C. Leire de Caldereta, A. C. Lendo Poesía, Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), Asociación Galega de Vítimas do Amianto (AGAVIDA), Asociación Memoria Histórica Democrática, Ateneo Ferrolán, Colectivo Acción Directa de Recuperación de Espazos Públicos, Colectivo Artabra 21, Colectivo Sociocultural A Revolta de Trasancos, Marcha Mundial das Mulleres, Plataforma pola Defensa da Sanidade Pública Ferrol, Federación Veciñal de Ferrol (Roi Xordo).

## Carga de dignidade

A crise é a escusa perfecta. A construción naval sábeo ben, foi a primeira asoballada. Pero agora veñen contra todos, sector por sector, empresa a empresa, veñen casa por casa. A crise económica é a gran burla negra contra toda a cidadanía. E en Ferrol hai ben tempo que se sabe, que se sofre, que se engule a negra sombra. Abonda!

Artistas e creadores agrupados en **Radio Buguina** chamamos a toda a poboación de Galicia a unha acción artística popular en Ferrol. Chamamos a seguir o exemplo daqueles traballadores e traballadoras do sector naval que nun arrouto de dignidade penduraron os seus buzos de traballo na reixa da factoría de Navantia. Chamamos a continuar este monumento á dignidade, cada quen coa súa peza de roupa, batas da sanidade, batas da limpeza, batas de laboratorio ou batas de casa, xerseis, pantalóns, togas, camisolas, fundas, buzos, saias, vestidos, camisas, blusas, uniformes, chaquetas, cazadoras, traxes, mesmo a roupa das nosas crianzas, todo aquilo ao fin que pola súa forma e colorido é digno de ser pendurado, todo o que tivo un eco, unha voz, un runxido por leve que fose, con tal que chegue a conmovernos.

Chamamos a construír un monumento, pero tamén a vivir un acontecemento, con músicas, palabras e radio ao vivo. Homes e mulleres equipados con escadas e bridas van axudar a cinxir, espetar ou pendurar as vosas pezas de roupa. Será unha obra efémera, pero durante un tempo mostrará a reixa de Navantia cargada coa roupa de toda a xente, cargada de dignidade!

**Domingo 2 de xuño, das 11 ás 14 horas,  
na Porta do Estaleiro, no barrio de Esteiro de Ferrol.**

Localización: <http://goo.gl/maps/dmNym>